

ORDENANZA FISCAL Nº II. 1 REGUALDORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS RELACIONADOS CON ANIMAIS DE COMPAÑÍA E OUTROS SERVIZOS DE PREVENCIÓN.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora des Facendas Locais, o Concello de Vilagarcía de Arousa establece a TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS RALACIONADOS CON ANIMAIS DE COMPAÑÍA E OUTROS SERVIZOS DE PREVENCIÓN

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUIR.

1. Constitúe o feito imponible a utilización dos servizos relacionados con animais de compañía así como outros servizos de prevención sanitaria que de seguido se relacionan:

- Solicitud e renovación de licenza para tenencia e condución de animais que o requiran.
- Recollida e transporte de animais perdidos ou abandonados na vía pública.
- Recollida e transporte de animais a instancia de persoa interesada.
- Recollida e transporte de animais mortos na vía pública ou a instancia de persoa interesada.
- Incineración de animais.
- Estancia do animal no cetro de acollida.
- Saneamento e desparasitación.
- Tratamento sanitario.
- Incautación e depósito de mercaderías e obxetos

2. A obriga de contribuir nacerá cando se inicie a prestación dos citados servizos. Entenderase que se iniciala prestación cando fora solicitado ou se ocasione a súa prestación.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos e, polo tanto, obrigados o pago da taxa os titulares da licenza para a tenencia e condución de animais que o requiran e, no seu defecto, os propietarios ou posuidores dos animais, mercaderías e obxetos causantes da prestación dos servizos gravados coa taxa.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCALES.

Só serán de aplicación aqueles beneficios fiscais que estén recoñecidos en norma con rango de Lei ou en Tratados Internacionais válidamente celebrados.

ARTIGO 5. TARIFAS

A débeda tributaria determinarase polo sistema de cuota fixa, atendendo á diferente natureza dos servizos, conforme á seguinte clasificación:

- 1.- Solicitud e renovación de licenza para tenencia e condución de animais que o requiran 20,35 €
- 2.- Recollida e transporte de animais vivos perdidos ou abandonados na vía pública ou a instancia de persoa interesada:
- Hasta 65 Kg..... 20,35 €
 - Más de 65 Kg..... 30,55 €

- 3.- Recollida e transporte de animais mortos na vía pública ou a instancia de persoa interesada:
- Hasta 65 Kg..... 25,45 €
 - Más de 65 Kg..... 35,65 €
- 4.- Incineración de animais..... *Mínimo 50'00 €
* Se o custo fose maior facturarase complementariamente a diferenza
- 5.- Estancia do animal no centro de acollida:
- Hasta 65 Kg..... 1,00 €/día
 - Más de 65 Kg..... 2,05 €/día
- 6.- Saneamento e desparasitación.....20,35 €
- 7.- Tratamento sanitario..... *Mínimo 30'00 €
* Se o custo fose maior facturarase complementariamente a diferenza
- 8.- Outros servizos de prevención:
- Incautación de mercaderías e obxectos.....50,90 €
 - Por día de depósito a partir do día de incautación..... 10,20 €

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

As cuotas a satisfacer por servizos que requiran a previa petición dos interesados ante o servizo municipal encargado de facelas serán efectivas mediante selo nas dependencias da Tesourería Municipal.

Os servizos que foran prestados sen petición de persoa interesada serán facturados e notificados ós interesados, conforme o contido no pertinente informe asinado polo encargado do servizo ou Policía Local, ás persoas indicadas no art. 3.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente Ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2013 comenará a aplicarse unha vez transcurra o prazo previsto no art. 49 e 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Datos anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (aprobación ordenanza): 07/04/2010

Data modificación actual:

PUBLICADO BOP: 30/12/2013